

**MEMORIA ANUAL DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
BIÓLOGOS DE GALICIA  
ANO 2014**



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

## Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.

## 1. Actividades de defensa da profesión

*As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e estiveron dirixidas a:*

**1.1. Ley de Servicios y Colegios Profesionales (7 febreiro).** Celébrase unha entrevista na Coruña co Sr. Presidente do Consejo de Estado, D. José M. Romay, á que asisten o Presidente do Consejo General de Colegios de Biólogos, D. Pere Camprubí, o Decano do Colexio, D. Pelayo Míguez, o Vicedecano, D. José A. Fernández e a Vogal D<sup>a</sup> Mercedes Casal, na que se trataron detalles relacionados con este proxecto de lei.

**1.2. Prezos públicos do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (11 de marzo).** A Orde AAA/317/2014 sobre prezos públicos das visitas teatralizadas ao inmueble do MAGRAMA, establece prezos reducidos para os membros de determinados colexios profesionais, entre os que non se atopan os biólogos, polo que se lle lembran as actividades profesionais dos biólogos, que coinciden coas competencias propias do Ministerio, criterio utilizado con outros colectivos.

**1.3. Estrutura orgánica Consellería do Medio Rural e do Mar (15 de maio).** En relación coa nova de febreiro de 2012, o xoves 15 de maio estaba prevista a celebración dunha vista oral no xulgado do contencioso de Santiago en relación co recurso contra a Orde do 22 de xullo de 2011, da Consellería de Facenda pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes no corpo facultativo superior dá Xunta de Galicia, escala de veterinarios. Finalmente a vista suspendeuse, ao estar de acordo o xuíz co noso avogado en que é necesario esperar a que o TSXG resolva o recurso posteriormente suscitado contra a norma que crea o Servizo de Inspección Veterinaria (Decreto 46/2012) que exclusiviza a dita titulación para realizar tales cometidos.

**1.4. Mergullo e actividade científica (25 de xuño).** Aos biólogos que necesitan mergullarse para levar a cabo a súa actividade científica non se lles permite facelo aínda que posúan un título de mergullador deportivo. Segundo o que indica o Decreto 73/2013, do 18 de abril, que establece o currículo do título de técnico deportivo en Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo, as inmersións de mergullo deportivo teñen como finalidade a aprendizaxe, a competición e a exploración, investigación, observación e conservación da natureza e a paisaxe subacuática. Solicítase á Conselleira do Medio Rural e do Mar que os titulados en Bioloxía que posúan unha titulación de mergullo deportivo recoñecida e en vigor podan realizar actividades relacionadas coa investigación dos recursos sublitorais mediante o emprego dun sistema de mergullo autónomo (SMA) e observando as normas de seguridade pertinentes.

**1.5. Grao en Enxeñaría Biolóxica USC (11 de xullo).** As alegacións formuladas polo Colexio á proposta presentada a exposición pública inciden basicamente en que o novo Grao: "Resulta improcedente porque sus objetivos, competencias y contenidos se solapan con otros estudios de Grado y Master consolidados y ya existentes en la USC. (...) Se puede concluir que la pretensión del nuevo Grado es la de formar a un biólogo con otro nombre. Algo que lleva, indefectiblemente, a la confusión y ambigüedad profesional." Tamén o Consejo General de Colegios de Biólogos presentou as súas: "... las competencias profesionales de estos futuros titulados no están definidas mientras que las de otros profesionales, como por ejemplo los biólogos, sí lo están".

**1.6. Comisión Nacional da Especialidade Sanitaria de Xenética Clínica (20 de outubro).** O COBGA, xunto cos colexios de biólogos de Extremadura e Aragón, presenta á Conselleira de Sanidade a candidatura de D. José M. Martínez Yriarte para a citada comisión, que contará con catro membros do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad propostos polas comunidades autónomas.

**1.7. Lei acompañamento de orzamentos (23 de outubro).** Envíase aos Grupos Parlamentarios do Pazo do Hórreo unha emenda relacionada coa Lei de Montes (unha de tantas normas que se modifican con ela) no sentido da definición de "técnico competente": "os actuais titulados en enxeñaría de montes ou enxeñaría técnica forestal e demais titulados universitarios con competencias en sistemas e medios forestais".

**1.8. Concello da Coruña (13 de novembro).** Solicitamos a inclusión dos biólogos entre os profesionais para participar na licitación relativa ao desenvolvemento e xestión dos distintos campamentos municipais dirixidos a menores, concretamente o que ten como temática central **A Coruña y el mar**.

**1.9. Servizo de Inspección Veterinaria (10 de decembro).** O COBGA presentou no seu día senllos recursos contenciosos contra o Decreto 150/2011 polo que se creaba o Servizo de Inspección Veterinaria e contra o Decreto 46/2012 polo que se determinaba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar e se establecía o Servizo de Inspección Veterinaria, porque poderían limitar a priori de xeito exclusivo e excluínte as súas funcións a unha determinada titulación. Como queira que polo Decreto 132/2014 do 2 de outubro, dito servizo pasa a denominarse **Servizo de Inspección e Control dos Recursos** (e non de Inspección Veterinaria), o pasado 27 de novembro comunicouse ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o desistimento dos procedementos indicados.

**1.10. Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos (23 de decembro).** A convocatoria para vinculación temporal de varias prazas de facultativo especialista de área para os servizos sanitarios de atención hospitalaria de dita Xerencia (Resolución de 27 de novembro de 2014) volve a ignorar que xa existe o título de especialista tamén para os biólogos. Feita a pertinente reclamación, o día 24 a Xerencia publica a corrección de erros correspondente.

**1.11. Dirección Xeral de Conservación da Natureza (26 de decembro).** O Prego de Prescricións Técnicas (PPT) para a contratación do servizo de asesoramento e seguimento na xestión do lobo en Galicia establece que o equipo para desenvolver os traballos incluírá un veterinario cunha experiencia mínima de 3 anos en traballos de investigación xenética dos animais silvestres. Interponse recurso dealzada na Consellería de Medio Ambiente, T. e I. solicitando a rectificación do PPT no sentido de incluír a titulación de Bioloxía para desenvolver ditos traballos.

## 2. Alegacións presentadas

*O Colexio expresa a súa opinión técnico-científica acerca dos asuntos da súa competencia e os relacionados coas actividades que realizan os biólogos.*

**2.1. Proyecto de Real Decreto por el que se establece el currículo básico de la educación primaria, de la educación secundaria obligatoria y del bachillerato (2 de xaneiro).** O texto, sometido a información pública polo Ministerio de Educación, motivou o envío da seguinte alegación: Comparando o currículo de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato do proxecto co vixente, compróbase que desaparecen os temas de diversidade dos seres vivos e a súa clasificación, a bioloxía das plantas e a bioloxía dos animais. No seu lugar figuran temas que volven a relacionarse na mesma orde na asignatura Bioloxía de 2º de Bacharelato (Bioquímica, Citoloxía, Metabolismo e Xenética Molecular). Solicítase ao Ministerio que se repoña a situación orixinal, xa que os temas desaparecidos son fundamentais para o coñecemento do medio e importantes para os alumnos que queiran acceder a ciclos formativos ou titulacións universitarias con contidos biolóxicos.

## 3. Comisi3ns sectoriais

*As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.*

**3.1. Comisi3n de Medio Ambiente.** Reuni3n celebrada o 4 de decembro na sede do Colexio. Participaron nela 6 dos seus compoñentes que analizaron o estado dos plans de seguimento e vixilancia ambiental en Galicia e as s3as consecuencias sobre o emprego dos bi3logos e elaboraron unha serie de medidas para poñen en marcha desde o COBGA.

**3.2. Olimp3ada de Biolox3a.** Unha reuni3n presencial e outra a distancia celebradas para elaborar as preguntas da proba.



## 4. Actividades de formación e xornadas técnicas

*Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.*

**4.1. Curso Teleformación: Iniciación ao Análise Espacial mediante os Sistemas de Información Xeográfica QGIS e GRASS.** 13/1-9/III. 6 alumnos.

**4.2. Curso Técnico Profesional Xardíns Acuáticos: Deseños e Montaxes.** 28-29/IV, Santiago. 20 alumnos.

**4.3. Curso Técnico Deseño de Proxectos de Acuarioloxía: Aplicacións Empresariais.** 22-26/IX, Santiago. 11 alumnos.

**4.4. Curso Técnico Profesional Acuarioloxía Mariña Litoral e Tropical.** 4-7/XI, Vigo. 13 alumnos.

Os tres últimos formaban parte do programa formativo en acuarioloxía, Acqua Training Profesional, posto en marcha en 2014.

**4.5. Día Acuicultura 2014.** Domus Casa del Hombre, A Coruña, 5/XII. Xunto co Instituto de Acuicultura da USC coorganizamos unha xornada de debate titulada Retos e oportunidades da industria da acuicultura en Galicia na que interviron 7 representantes do sector en dúas mesas redondas con debate posterior: O futuro da industria da acuicultura en Galicia e Formación, investigación e industria, deben ir da man? Asistiron 25 persoas e a xornada rematou cunha visita ao Aquarium Finisterrae. Colaboraron a Xunta de Galicia, os Museos Científicos Coruñeses e a Fundación OESA.

## 5. Bolsa de Empleo

**5.1. Enviáronse 20 ofertas específicas:** Expertos en botánica y zoología para impacto ambiental en carreteras, bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, contrato predoctoral IDIS, 4 contratos predoctorales Fundación Ramón Domínguez, veedor de vendima Consello Regulador D. O. Rías Baixas, prácticas Programa de Mobilidade Leonardo da Vinci, formadores Grupo FEMXA, facultativo especialista Microbioloxía e Parasitoloxía SERGAS, responsable técnico-comercial Hanna Instruments, contrato de investigación na Agrupación Océano-Ecimat, guía empresa de gestión y turismo ambiental, propuesta de negocio emprendedor comarca Deza, docente para curso de gestión de residuos, biólogo para proyecto de cultivo de pepino de mar en Cabo Verde, plan de práctica laboral en concellos e centros da Deputación de Pontevedra, técnico de apoio proxecto investigación INIBIC, microbiólogo con experiencia en laboratorio agroalimentario y ambiental para entidad estatal.

**5.2. Máis de 100 ofertas foron enviadas mediante os NOVAS Semanais.** Esta frecuencia semanal reduce o envío específico ás empresas que así o solicitan.

## 6. Servizo de información

*Este aspecto da súa actividade, como tamén a Bolsa de Emprego, é de vital importancia para o Colexio. Manter un activo e eficaz servizo de información resulta prioritario para que os colexiados consigan desenvolver o seu exercicio profesional nas mellores condicións.*

**6.1. NOVAS COBGA.** En 2014 o boletín informativo mensual tivo 12 edicións que foron colocándose puntualmente na primeira semana de cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados e cunha media de 30 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa, Emprego, Bolsas, axudas e subvencións, Premios, Actividades de formación, Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas..., Recursos na Rede, Varios, Ofertas a colexiadas/os, Lexislación.

**6.2. NOVAS Semanais.** Os venres envíase esta folia informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 52 edicións.

**6.3. Páxina web.** Visitas en 2014: 63.478. Directorio, 1.166. *NOVAS COBGA e NOVAS Semana*, 25.000 (diferentes seccións).

### **6.4. Redes Sociais.**

- Facebook: Publicacións: 79. "Me Gusta" na Páxina: 510. "Me Gusta" nas Publicacións: 326. Comentarios: 27.
- Twitter: 245 tuits (sen contar os de benvida), 348 seguidores, 219 retuits de outros, 251 veces foron retuiteados os nosos tuits, 120 mencións, 201 dos nosos tuits marcados como favoritos.
- LinkedIn: 500 contactos.
- Google+: 292 publicacións; 142 "+1" nas nosas publicacións; 8 comentarios; 25 publicacións compartidas.

## 7. Outros servizos colexiais

*En 2014 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:*

**7.1. bens e servizos:** Hotel Montenegro\*\*\*, Hotel Los Abetos\*\*\*\*, Hoteles Culturales Temáticos, San Francisco Hotel Monumento\*\*\*\*, OCA Termal Hotels, Pousadas de Compostela, Eurostars Hotels, Hotel Real, Hotel Torre do Deza & SPA\*\*\*\*, Gran Hotel La Toja\*\*\*\*, Paradores, Hotel Louxo-La Toja\*\*\*\*, Banco Etcheverría, Adelas Securcaixa, AEGON Seguros, Victoria Terán-Generali Seguros, Campus Stellae, Prodasva Consultoría y Gestión (protección de datos), Asepeyo Sociedad de Prevención, Solid Forest, NorCenter, Tienda Sitio-Distinto, Mercatinta-Vigo, Escuela Infantil Plurilingüe Agasalle, Escuelas Infantiles PSN BICOS, Bodegas Valdamor, A Cesta da Saúde, Meraknautica, O Boi do Baladoiro, COAGA Correduría de Seguros, Editorial Hélice, Musgo Aventura, Tus Casas Rurales.

**7.2. actividades de formación (matrícula):** Escuela de Negocios Caixanova, Escuela Europea de Negocios, Depto. Toxicología y Legislación Sanitaria Fac. Medicina UCM, IVI Vigo, OELS Official English Language School, IDEA Educación Integral, La Academia, <http://www.preparador-opos-biogeo.es/>, Tradutora de textos especializados, AIDICS, Estandar Gestión Alimentaria, SGS, FEUGA, GENYCA Innova, MCA Formación on line, Transmitting Science/Institut Catalá de Paleontologia Miquel Crusafont, Instituto Madrileño de Formación, IMASGAL, Beacon Biomedicine, Deica IT, Centro de Áreas de Formación, ANTEGA, Unidade de Coordinación de Laboratorios UDC, Art With Future y Fran Lorenzo, Sanea Control, Genforen, IMAGEMASTER, Aula Estudio, E-learning Forest, Cursos Coaching UDC, Curso rehabilitación y manejo de fauna silvestre, Curso de especialización en cerveza artesana, Curso project management, INOCUA on line, COB Castilla y León, Curso de auditor jefe IRCA, Cursos fotografía de la naturaleza, Curso guía de naturaleza, Curso trazabilidad en empresas alimentarias, Curso origen biogeográfico y ciencias forenses, Curso fotogrametría con UAVs: Image Master, Curso básico de buceo científico.

**7.3. Ferrer & Asociados** (Póliza seguro responsabilidade civil).

## 8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

- 8.1. **Día Mundial dos Humidais.** 2 de febreiro.
- 8.2. **Presentación da Plataforma Acqua Training Profesional.** 4 de febreiro.
- 8.3. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) organiza o **Curso Técnico de Acuariofilia Comercial** a desenvolver no Instituto de Acuicultura da USC en Santiago. 26 de febreiro.
- 8.4. **Día Internacional de los Bosques.** Reconozcamos la función vital de los bosques y comprometámonos a colaborar en la protección y la gestión sostenible de esos ecosistemas vitales. 21 de marzo.
- 8.5. O Colexio de Biólogos de Galicia celebrou o **Día do Biólogo** o 16 de maio. 22 de maio.
- 8.6. O Colexio de Biólogos de Galicia organiza un **curso sobre laboratorios acuariolóxicos de investigación acuática.** 22 de maio.
- 8.7. A **Real Academia Galega de Ciencias** e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia asinan un convenio de colaboración. 19 de setembro.
- 8.8. O Colexio de Biólogos de Galicia organiza un **curso sobre deseño de proxectos de acuarioloxía.** 19 de setembro.
- 8.9.- **IX Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).** 14 de outubro.
- 8.10. O Colexio de Biólogos de Galicia organiza un **curso sobre acuarioloxía mariña litoral e tropical.** 30 de outubro.
- 8.11. O Colexio de Biólogos de Galicia e o Instituto de Acuicultura da Universidade de Santiago organizan unha **xornada sobre a acuicultura** en Galicia. 3 de decembro.

## 9. Participacións do COBGA

*O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.*

**9.1. Presentación da Guía de Peritos Judiciales** da Unión Profesional de Galicia. O acto celebrouse o 5 de febreiro en Santiago e o Colexio estivo representado polo Tesoureiro.

**9.2. Xornadas formativas: as actividades profesionais dos biólogos.**

9.2.1. O 4 de abril celebrouse na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e nela varios colexiados expertos en diferentes áreas explicaron os seus respectivos campos de actividade profesional. Asistiron 39 alumnos.

9.2.2. O 22 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, coa participación de 25 estudantes.

9.2.3. O 28 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago coa participación de dúas alumnas.

**9.3. Actos de licenciatura e graduación**

9.3.2. Acto graduación Bioloxía Universidade de Santiago. Celebrado o 13 de abril coa asistencia do Decano.

9.3.3 Graduación da primeira promoción do Grao en Bioloxía da Universidade de Vigo. Celebrouse o 7 de xuño e asistiu o Decano.

9.3.4. Acto licenciatura Bioloxía Universidade da Coruña. Celebrado o 5 de xullo coa asistencia do Decano.

## 10. Varios

**10.1. Entrevista co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.** O Decano do Colexio e o Delegado da Olimpíada Española de Biología, D. Pedro Nozal, trataron co Sr. Conselleiro e outros altos cargos, a proposta de sinatura dun convenio de colaboración para a organización da Fase Autonómica Galega da Olimpíada (20 de febreiro).

**10.2. Felicitación a D. Miguel A. Ríos Fernández,** pola elección como Presidente da Real Academia Galega de Ciencias (3 de marzo).

**10.3. Felicitación ao Presidente RAGC** pola elección de D<sup>a</sup> Alicia Estévez e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Alonso como académicas (3 de marzo).

**10.4. Felicitación a D<sup>a</sup> Alicia Estévez** por ingreso como académica na RAGC (3 de marzo).

**10.5. Felicitación ao profesor D. Victoriano Urgorri** por ter conseguido a estación de Biología Mariña da Graña que dirixe, as certificacións ISO 9001:2008, de Xestión da Calidade e ISO 14001:2004, de Xestión Medioambiental, como proba do compromiso asumido coas mellores prácticas dispoñibles (10 de marzo).

**10.6. Felicitación a D. Salustiano Mato** pola elección como reitor da universidade de Vigo (7 de abril).

**10.7. Día do Biólogo.** Estaban convidados especialmente aqueles colexiados que levaban 25 anos no Colexio, e que foron obxecto de recoñecemento pola súa ininterrompida pertencencia a él. Entre os doce que asistiron, a Conselleira do Medio Rural e do Mar, D<sup>a</sup> Rosa Quintana que falou no nome dos homenaxeados. Este ano 2014 ademais, entregouse a distinción de Bióloga do Ano a D<sup>a</sup> Mercedes Casal, anterior decana do COBGA, en atención á súa dedicación e esforzo constantes durante os anos que exerceu a responsabilidade de dirixir esta institución, en favor do seu progreso así como do recoñecemento social e defensa dos intereses da profesión de Biólogo en Galicia. Por outra banda premiouse como Empresa do Ano a Frinsa del Noroeste, S. A. en atención á súa traxectoria no ámbito da alimentación, as súas actividades de mecenado a prol da investigación científico-técnica e pola súa implicación na instauración de selos de calidade ambiental, desenvolvemento sostible e responsabilidade social corporativa. O acto tivo lugar no Pazo de Adrán, cerca de Santiago e participaron 30 persoas (16 de maio).

**10.8. Felicitación a D. Juan Manuel Viaño Rey** pola elección como reitor da Universidade de Santiago (10 de xuño).

**10.9. Felicitación a *D<sup>a</sup> Isabel Rodríguez-Moldes Rey*** pola elección como Responsable de Investigación, Innovación e Emprendemento da USC (10 de xuño).

**10.10. Felicitación a D<sup>a</sup> Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle** polo nomeamento como Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (25 de xuño).

**10.11. Agradecemento a D. Xosé Lois Rey Muñoz**, Coordinador de Entomoloxía da Sociedade Galega de Historia Natural, polo envío da publicación da SGHN Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) (5 de agosto).

**10.12. Convenio de colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias.** Foi asinado polo Decano e D. Miguel Ángel Ríos, Presidente da RAGC, co fin de contribuír na difusión social da ciencia en Galicia e a súa aproximación ao sector produtivo galego, en orde a mellorar a súa competitividade a través da innovación científica e tecnolóxica (18 de setembro).

**10.13. Acuse de recibo do Libro Branco “A Enfermaría Galega en cifras, 2013”**, editado polo Consello Galego de Enfermaría (3 de outubro).

**10.14. Convenio de colaboración con Art With Future e Fran Lorenzo.** Asinado polo Decano con D. Alfonso J. Insua e con D. Francisco Lorenzo, polo que os colexiados gozarán de condicións vantaxosas nos cursos de formación que organizan (6 de outubro).

**10.15. Reunión cos Decanos das facultades de Galicia.** O Decano do Colexio e os vogais D<sup>a</sup> Mercedes Casal, D. Pedro Pablo Gallego e D. José M. Martínez reuníronse en Santiago co Decano da Facultade de Bioloxía da USC, D. Antonio Segura, o Decano da Facultade de Bioloxía da Uvigo, D. Jesús M. Míguez e o Vicedecano da Facultade de Ciencias da UDC, D. Andrés Martínez, para tratar temas de interese para as facultades e o Colexio en favor da Bioloxía na nosa comunidade (14 de novembro).

**10.16. Unión Profesional de Galicia.** Aproveitando a celebración do vixésimo aniversario da constitución da asociación, homenaxeou a tres dos seus primeiros directivos, entre eles a nosa compañeira Mercedes Casal, ex decana do Colexio, agradecéndolles o seu esforzo e apoio durante todo este tempo (12 de decembro).



## 11. Reunións do COBGA

*O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.*

**11.1. Xunta de Goberno.** Celebrou 2 reunións en 2014: as ordinarias foron os días 11 de abril e 29 de decembro.

**11.2. Xunta Xeral** ordinarias de colexiados. Celebrouse o día 30 de abril.

## 12. Percepcións membros Xunta de Goberno

*Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraxe, dietas ou aloxamento. Os reintegros da Xunta de Goberno no 2014 figuran na táboa seguinte:*

Cargo	Actividade	Importe
- José Pelayo Míguez Baños (Decano)	Actividades de representación realizadas entre xaneiro e outubro.	543,40 €
- Fernando García Sanz (Tesoureiro)	Presentación Guía Peritos UPG.	19,00 €
- Mercedes Casal Jiménez (Vogal)	Entrevista Pte. Consejo de Estado.	36,10 €
- Mercedes Casal Jiménez (Vogal)	Reunión Junta Gobierno Vigo.	55,70 €

## 13. Informe anual de xestión económica

- Froito dun acordo cos traballadores, os seus salarios foron os mesmos que en 2013 e 2012.
- O 29 de decembro formalizouse na notaría de D<sup>a</sup> Inmaculada Espiñeira en Santiago, unha póliza de crédito con ABANCA por importe de 15.000,00 €. As condicións da citada póliza son:
  - Apertura: 1,50 (mínimo: 100 €)
  - Comisión indisponibilidade: 2,00%
  - Tipo interese fixo: 6,50 %
  - Cancelación anticipada: 1,50 %

### Balance de Situación

Empresa: COLEXIO OFICIAL BIÓLOGOS DE GALICIA  
 Período: de Enero a Diciembre  
 Fecha: 07/04/2015

Activo	2014	2013
A) ACTIVO NO CORRIENTE	397.581,70	405.207,66
III. Inmovilizado material	397.581,70	405.207,66
1. Terrenos y construcciones	384.159,23	390.343,78
211 CONSTRUCCIONES	412.303,17	412.303,17
281 AMORT.ACUMUL.INMOV.MATERIAL	-28.143,94	-21.959,39
2. Inst.técnicas,y otro inmov.material	13.422,47	14.863,88
213 MAQUINARIA	3.118,84	3.118,84
215 OTRAS INSTALACIONES	2.688,68	2.688,68
216 MOBILIARIO	16.489,10	16.378,25
217 EQUIPOS PROCESOS INFORMACIÓN	2.890,66	2.020,90
281 AMORT.ACUMUL.INMOV.MATERIAL	-11.764,81	-9.342,79
B) ACTIVO CORRIENTE	4.040,18	10.548,83
IV. Deudores comerciales y otras ctas.a cobrar	1.720,64	210,87
1. Clientes por ventas y prest.de servicios	1.130,12	50,71
430 CLIENTES	1.130,12	50,71
5. Activos por impuesto corriente	590,52	0
470 HACIEND.PUBL.DEUD.DIVERS.CONCE	590,52	0
6. Otros créditos con las Admin.Públicas	0	160,16
470 HACIEND.PUBL.DEUD.DIVERS.CONCE	0	160,16
VIII. Efectivo otros activos líquidos equivalentes	2.319,54	10.337,96
1. Tesorería	2.319,54	10.337,96
570 CAJA, EUROS	319,54	209,38
572 BANC.INS.CRED.C/C.VIST.DIF.EUR	2.000,00	10.128,58
TOTAL ACTIVO (A + B)	401.621,88	415.756,49

### Balance de Situación

Empresa: COLEXIO OFICIAL BIÓLOGOS DE GALICIA  
 Período: de Enero a Diciembre  
 Fecha: 07/04/2015

Pasivo	2014	2013
A) PATRIMONIO NETO	34.047,88	42.349,46
A-1) Fondos propios	33.519,84	42.349,46
I. Dotación Fundacional/Fondo social	42.524,46	37.742,99
1. Dotación fundacional/Fondo social	42.524,46	37.742,99
101 FONDO SOCIAL	42.524,46	37.742,99
III. Excedentes de ejercicios anteriores	0	0
1. Remanente	0	0
IV. Excedente del ejercicio	-9.004,62	4.606,47
A-3) Subvenciones,donaciones legados recibidos	528,04	0
I.Subvenciones	528,04	0
130 SUBVENCIONES OFICIALES CAPITAL	528,04	0
B) PASIVO NO CORRIENTE	336.920,98	349.733,71
II. Deudas a largo plazo	336.920,98	349.733,71
2. Deudas con entidades de crédito	336.920,98	349.733,71
170 DEUDAS L.P. ENTIDADES CREDITO	336.920,98	349.733,71
C) PASIVO CORRIENTE	30.653,02	23.673,32
III. Deudas a corto plazo	14.953,13	12.459,34
2. Deudas con entidades de crédito	14.953,13	12.459,34
520 DEUDAS C.P.ENTIDADES DE CREDIT	14.953,13	12.459,34
V. Acreedores comerciales y otras ctas.a pagar	15.699,89	11.213,98
3. Acreedores varios	1.663,63	601,12
410 ACREEDORES POR PREST.SERVICIOS	1.663,63	601,12
4. Personal (remuneraciones ptes.de pago)	8.988,09	0
465 REMUNERACIONES PENDIENTES PAGO	8.988,09	0
5. Pasivos por impuesto corriente	0	1.740,37
475 HDA.PCA., ACREEDORA IMPUESTOS	0	1.740,37
6. Otras deudas con las Admin.Públicas	5.048,17	4.577,49
475 HDA.PCA., ACREEDORA IMPUESTOS	3.285,20	2.840,36
476 ORG. SEG SOCIAL, ACREEDORES	1.762,97	1.737,13
7. Anticipos recibidos por pedidos	0	4.295,00
438 ANTICIPOS DE COLEGIADOS	0	4.295,00
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)	401.621,88	415.756,49

**Cuenta de Pérdidas y Ganancias**

Empresa: COLEXIO OFICIAL BIÓLOGOS DE GALICIA

Período: de Enero a Diciembre

Fecha: 07/04/2015

Cuenta de Pérdidas y Ganancias		2014	2013
A) OPERACIONES CONTINUADAS		0	0
1. Ing.de la entidad por su actividad propia		132.643,17	133.126,22
a) Cuotas de usuarios y afiliados		132.643,17	133.126,22
72000001 INGRESOS CUOTAS COLEGIADOS		127.133,28	131.220,74
72100001 INGRESOS POR VISADOS		144,08	115,53
72100002 INGRESOS POR CERTIFICADOS		47,92	19,80
72100003 INGRESOS POR COMPULSAS		18,60	15,15
72100004 INGRESOS INSCRIP CURSOS		4.840,00	1.180,00
72100005 INGRESOS ACTIV PROPIAS DIVERS		425,00	575,00
72100006 OTROS INGRESOS		34,29	0
3. Vtas.otros ing.ordinarios de act.mercantil		933,98	7.145,93
70500000 PRESTACIONES DE SERVICIOS		933,98	7.145,93
8. Gastos de personal		-73.473,98	-73.252,80
a) Sueldos, salarios y asimilados		-56.139,12	-55.960,80
64000000 SUELDOS Y SALARIOS		-56.139,12	-55.960,80
b) Cargas sociales		-17.334,86	-17.292,00
64200000 SEG.SOCIAL EMPRESA		-17.334,86	-17.292,00
9. Otros gastos de explotación		-48.561,40	-40.000,28
a) Servicios exteriores		-46.309,28	-39.246,79
62200000 REPARACIONES Y CONSERVACIÓN		-2.910,05	-50,14
62300000 SERVICIOS JURIDICOS		-4.369,00	-2.910,65
62300001 SERVICIOS PROFESIONALES		-160,39	-68,72
62400000 TRANSPORTES		-91,96	0
62500000 PRIMAS DE SEGUROS		-863,42	-486,44
62600000 SERV.BANCARIOS Y SIMILARES		0	-52,00
62700000 PUBLI.PROPAGANDA Y RELAC.PUB.		-888,40	-2.349,40
62800001 SUMINISTROS: AGUA-LIXO		-249,30	-248,44
62800003 SUMINISTROS: ELECTRICIDAD		-1.249,22	-1.055,29
62900000 OTROS SERVICIOS		-327,11	-472,06
62900001 GASTOS CORREOS		-469,22	-553,05
62900002 MATERIAL DE OFICINA		-270,82	-388,72
62900003 COMUNICACIONES: TELEFONO		-1.606,85	-1.797,05
62900004 CUOTAS ASOCIACIONES		-250,00	-930,00
62900005 SERVICIOS ASESORIA		-2.553,16	-2.806,66
62900006 GASTOS FOTOCOPIAS		-500,97	-219,69
62900008 SERVICIO DE LIMPIEZA		-1.164,64	-1.235,51
62900009 SERVICIOS DE SEGURIDAD		-820,88	-599,28
62900010 GASTOS CURSOS		-4.518,62	-1.089,17
62900013 TRANSF. A CONSEJO GRAL. COBS		-16.307,66	-13.226,04
62900016 GASTOS JUNTA DE GOBIERNO		-783,35	-1.531,31
62900017 MANTENIMIENTO PROG INF-WEB		-1.742,40	-1.875,50
62900019 GASTOS COMUNIDAD PROPIETARIOS		-445,83	-657,71
62900020 GASTOS DE VIAJES		-1.388,53	-1.842,96
62900021 SERVICIOS DE AUDITORIA		-1.815,00	-1.815,00
62900023 PLATAFORMA E-LEARNING		-562,50	-562,50
62900024 SERV. PROTECCIÓN DE DATOS		0	-423,50
b) Tributos		-2.252,12	-753,49
63100000 OTROS TRIBUTOS: IBI		-1.039,44	-927,60
63100001 OTROS TRIBUTOS		-1.212,68	0
63400000 AJUST.NEGAT.IMPOSIC.INDIRECTA		0	174,11
10. Amortización del inmovilizado		-8.606,57	-8.704,14
68100000 AMORT.DEL INMOV.MATERIAL		-8.606,57	-8.704,14
11. Subvenciones,donaciones legados de capital		71,64	0
a) Afectas a la actividad propia		71,64	0
74600000 SUBV.CAP.TRANSF.RDO.EJER.,PROC		71,64	0
A.1) RTDO.DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+)		3.006,84	18.314,93
15. Gastos financieros		-11.975,44	-11.968,09
a) Por deudas con emp.ent.del grupo y asoc.		-1.567,84	-1.578,21
66500000 GASTOS GESTION RECIBOS		-1.399,47	-1.433,98
66500001 GASTOS DEVOLUCION RECIBOS		-168,37	-144,23
b) Por deudas con terceros		-10.407,60	-10.389,88
66230000 INTERESES PTMO BCO ETCHEVERRIA		-9.982,34	-10.325,93
66230001 INTERESES CTA. CTE.		-25,43	0
66230002 INTERESES POLIZA CTO ABANCA		-270,00	0
66900000 OTROS GASTOS FINANCIEROS		-129,83	-63,95
A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18)		-11.975,44	-11.968,09
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)		-8.968,60	6.346,84
19. Impuestos sobre beneficios		-36,02	-1.740,37
63000000 IMPUESTO CORRIENTE		0	-1.740,37
63010000 IMPUESTO DIFERIDO		-36,02	0
A.4) RTDO.DEL EJERCICIO PROCEDENTE DE OPER.CONTINU		-9.004,62	4.606,47
A.5) EXCEDENTE DEL EJERCICIO (A.4+20)		-9.004,62	4.606,47

## 14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO		IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano		15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano		35,00
- Cota semestral colexiación normal		50,00
- Cota semestral colexiación reducida		30,00
- Compulsas colexiados		0,15
- Compulsas non colexiados		0,60
- Visado colexial Segundo o Regulamento de Visado		-
- Inscrición Rexistro traballos profesionais	B (252,73 €) + IVE	-
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)		6,31

**15. Información sobre  
procedimientos informativos e  
sancionadores en fase de instrución.**

- Ao longo do ano 2014 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

**16. Información sobre queixas e  
reclamacións de consumidores e  
usuarios ou as súas organizacións  
representativas.**

- Ao longo de 2014 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

**17. Cambios no contido dos seus  
códigos deontolóxicos.**

- Estase a traballar no Borrador do código deontolóxico.

## **18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.**

- Ao longo de 2014 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

## **19. Estatísticas colexiacións.**

- En 2014 producíronse 57 altas (1 traslado, 27 tipo B, 29 tipo C) e 68 baixas (67 voluntarias e 1 falecemento). O activo a 31/XII/14 é de 1.354 colexiados.

## **20. Información estatística sobre a actividade de visado.**

- En 2014 foron sometidas ao trámite de visado colexial 3 memorias relacionadas cos recursos mariños vivos.

## **21. Información estadística sobre a actividade de rexistro de traballos**

- En 2014 non se rexistraron traballos profesionais.